

EXPEDIENTE Nº 11/2016 E. L.: "EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS"

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por resolución desta Alcaldía de data 23 de maio de 2016, procedeuse a nomear os membros da Mesa de contratación deste procedemento.

Dado que no periodo de tramitación do procedemento de adxudicación deste expediente o secretario titular do Concello é membro da Mesa de contratación, se encontra en disfrute dun periodo vacacional, é preciso realizar unha modificación na composición da Mesa de contratación, con forme ao seguinte texto:

Primeiro: Dende os días 10 ao 17 de xuño de 2016 (ámbolos dous incluídos) o secretario accidental do Concello, Don Celestino Otero Camiña formará parte da Mesa de Contratación en calidade de vocal.

Segundo: No mesmo periodo citado anteriormente o secretario da Mesa de contratación será o funcionario Don Celso Lede Porto, en substitución de Don Celestino Otero Camiña, que durante o citado periodo formará parte da Mesa de contratación como vocal.


Dada en Sanxenxo o nove de xuño de dous mil dezaseis.

O alcalde




Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral




Ángel Luis López Pita